

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO.
CURSOS: 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º DE PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.
DEPARTAMENTO:
DATA: ABRIL DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (EDICACIÓN FÍSICA)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 1º de Primaria.
EF-B1.3	1º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas.
EF-B1.3	1º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EF-B2.2	1º-EFB2.2.2 - Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
EF-B3.1	1º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
EF-B3.1	1º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
EF-B6.2	1º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 2º de Primaria.
EF-B1.3	2º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo
EF-B2.2	2º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.
EF-B3.1	2º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
EF-B3.1	2º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.
EF-B3.1	2º-EFB3.1.4 - Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
EF-B6.1	2º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
EF-B6.2	2º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 3º de Primaria.
EF-B1.1	3º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
EF-B2.2	3º-EFB2.2.4 - Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento
EF-B3.1	3º-EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EF-B3.1	3º-EFB3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos

	axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
EF-B6.1	3º-EFB6.1.2 - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
EF-B6.3	3º-EFB6.3.2 - Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 4º de Primaria.
EF-B1.1	4º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
EF-B1.3	4º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EF-B1.3	4º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EF-B2.2	4º-EFB2.2.2 - Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.
EF-B3.1	4º-EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EF-B3.1	4º-EFB3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EF-B3.1	4º-EFB3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
EF-B3.1	4º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
EF-B5.1	4º-EFB5.1.1 - Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
EF-B5.1	4º-EFB5.1.3 - Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
EF-B6.1	4º-EFB6.1.2 - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
EF-B6.3	4º-EFB6.3.2 - Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 5º de Primaria.
EF-B1.1	5º-EFB.1.1.5 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 5º de Primaria.
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.1 - Ten interese por mellorar a competencia motriz.
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
EF-B5.1	5º-EFB5.1.1 - Ten interese por mellorar as capacidades físicas.
EF-B5.1	5º-EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
EF-B5.2	5º-EFB5.2.3 - Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.
EF-B6.2	5º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.
EF-B6.3	5º-EFB6.3.3 - Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 6º de Primaria.
EF-B1.1	6º-EF1.1.3 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
EF-B1.3	6º-EF1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EF-B1.3	6º-EF1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EF-B2.1	6º-EF2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que

	comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de 6º de Primaria.
EF-B3.1	6º-EF3.1.1 - Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
EF-B3.1	6º-EF3.1.2 - Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.
EF-B3.1	6º-EF3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.
EF-B3.1	6º-EF3.1.4 – (adaptado) Fai xiros tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, sen perder o equilibrio postural.
EF-B5.1	6º-EF5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.
EF-B5.1	6º-EF5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
EF-B5.2	6º-EF5.2.2 - Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.
EF-B6.3	6º-EF6.3.3 - Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión dos datos existentes da 1ª e 2ª avaliación. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre (lembrando que nunca poderá supor un efecto negativo para o alumnado).
	Instrumentos: diario de clase, listas de control, anotacións das probas realizadas.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: valoración dos resultados das 2 primeiras avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA CARGO ENLACES A ACTIVIDADES NA REDE NA AULA VIRTUAL (como estamos no PROXECTA-XOGADE propoñennos actividades para facer dende a casa). Tamén busquei outros enlaces a actividade física QUÉDATE NA CASA, como un Monopoly físico ou retos no fogar.</p> <p><u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA ENVÍOLLE AO CONCELLO OS DOCUMENTOS COAS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES (incluíndo algunha recomendación de actividade física e xogo no fogar).</p> <p>TENTEI MANTER A ILUSIÓN NOS CATIVOS E PROPOÑER ENTRETENIMENTO ÁS FAMILIAS.</p>
Materiais e recursos	<p><u>FICHAS.</u> Escaneadas ou baixadas de Internet.</p> <p><u>ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE.</u></p> <p><u>AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.</u></p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A parte de atoparse na páxina web do centro, en cada bloque de actividades de recuperación, reforzo e ampliación, xa se lle vai indicando (ao alumnado e ás familias) os estándares e competencias prioritarios.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.